PAUTAS PARA BIBLIOTECAS RURAIS DE PEQUENO TAMAÑO

As bibliotecas públicas son un servizo esencial que debe contar cos recursos e a sostibilidade precisa para asegurar a igualdade de oportunidades, a cohesión social e o desenvolvemento cultural.

O acceso á cultura é un dereito fundamental, recoñecido na Constitución Española (art. 44, 1978).

1

OBXECTIVO

Impulsar a creación e mellora de bibliotecas públicas, fixas e móbiles, en municipios de menos de 2.000 habitantes.

2

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Guía para as entidades locais, con medidas sinxelas para ofrecer servizos bibliotecarios profesionais e de calidade.

3

A BIBLIOTECA COMO AXENTE DINAMIZADOR

É un servizo esencial, cultural e social básico, garante de dereitos e unha oportunidade de progreso, que fortalece a comunidade e a súa identidade.

4

CRITERIOS MÍNIMOS DE SERVIZO

Acceso ó documento, mediación informativa e dinamización social e cultural, a partir dun espazo adecuado, un equipo profesional e unha colección pertinente.



5

O PERSOAL

Unha biblioteca de calidade require persoal cualificado, formación continua e apoio técnico e institucional.

6

A COLECCIÓN

A colección debe xestionarse profesionalmente para ofrecer recursos diversos, actualizados e adaptados a toda a comunidade.

7

ESPAZOS E EQUIPAMENTOS

Unha biblioteca de calidade necesita un espazo accesible, funcional e ben equipado, co apoio dos servizos bibliotecarios centrais.

8

SERVIZOS DE APOIO CENTRALIZADOS

Os servizos centrais complementan a actividade das bibliotecas pequenas. Permiten asumir tarefas técnicas e mellorar a eficiencia do sistema.

NIPO: 190-26-150-X

Texto completo das **Pautas**

Consejo de Cooperación Bibliotecaria

MINISTERIO DE CULTURA
DIRECCIÓN GENERAL DEL LIBRO, DEL CÓMIC Y DE LA LECTURA
SUBDIRECCIÓN GENERAL DE COORDINACIÓN BIBLIOTECARIA

A BIBLIOTECA COMO AXENTE DINAMIZADOR NO MEDIO RURAL

A biblioteca é o principal servizo cultural do medio rural: un espazo público onde se garante o acceso á cultura, se fortalece a comunidade, o patrimonio local e se consigue lealdade na poboación.

Acceso para todos
Bibliotecas estables e bibliobuses permiten o acceso ó servizo en calquera poboación.

Colaboración institucional
A colaboración institucional, a planificación e un financiamento a decuado fan posible a creación de bibliotecas de calidade ó servizo da comunidade.

O persoal bibliotecario
Peza clave do servizo que satisfai as necesidades de información, formación e entretemento das persoas e dinamiza a comunidade.



Apoio en rede
O traballo en rede fortalece a biblioteca e mellora a calidade do servizo.

Tecnoloxía e competencias dixitais
A biblioteca facilita o acceso á tecnoloxía e promove o uso crítico da información.



Proxección internacional
A participación en programas nacionais e internacionais amplía o impacto da biblioteca e fortalece o desenvolvemento da súa comunidade.

NIPO: 190-26-150-X

Consejo de Cooperación Bibliotecaria

MINISTERIO DE CULTURA
DIRECCIÓN GENERAL DEL LIBRO, DEL CÓMIC Y DE LA LECTURA
SUBDIRECCIÓN GENERAL DE COORDINACIÓN BIBLIOTECARIA

CRITERIOS MÍNIMOS DE SERVIZO BIBLIOTECARIO

O financiamento público suficiente permite un servizo bibliotecario accesible, inclusivo e diverso.

Espazo
Un espazo fixo ou móbil, accesible e pensado para o encontro da comunidade.

Colección
Unha colección actualizada, diversa, inclusiva e de xestión profesional responde as necesidades de información, formación, lecer e progreso.

Dinamización cultural e social
Promoción de actividades culturais e sociais que fomentan a participación, a inclusión e o acceso ó coñecemento.

Acceso á información
Garante o acceso ós documentos mediante diferentes sistemas, como o préstamo privado ou colectivo, así como o acceso a Internet e a conexión wifi.



Persoal
Profesionais cualificados que xestionan, orientan, acompañan e dinamizan a biblioteca.

Mediación informativa
O persoal bibliotecario orienta e acompaña á cidadanía e facilita o seu acceso á información e ós recursos.



Horario e accesibilidade
Un horario suficiente, adaptado ás necesidades da poboación e coñecido por toda a comunidade.

NIPO: 190-26-150-X

Consejo de Cooperación Bibliotecaria

MINISTERIO DE CULTURA
DIRECCIÓN GENERAL DEL LIBRO, DEL CÓMIC Y DE LA LECTURA
SUBDIRECCIÓN GENERAL DE COORDINACIÓN BIBLIOTECARIA

O PERSOAL

O persoal é a peza clave da biblioteca que a optimiza
e a conecta coa comunidade

Perfil profesional
O servizo require formación especializada e actualización continua.

Titulación
Recoméndase titulación universitaria de grao medio (A2) ou persoal técnico auxiliar baixo supervisión profesional dos servizos centrais de apoio.

Funcións
Xestiona a biblioteca, facilita o acceso á información e dinamiza a vida cultural e social da comunidade.

Recoñecemento
A administración debe recoñecer e valorar o labor do persoal bibliotecario polo seu impacto na comunidade e na calidade do servizo.

Desenvolvemento profesional
A administración debe promover a formación permanente do persoal.

Traballo en rede
A integración na rede bibliotecaria achega apoio técnico e fortalece o servizo.



NIPO: 190-26-150-X

Consejo de Cooperación Bibliotecaria

MINISTERIO DE CULTURA
DIRECCIÓN GENERAL DEL LIBRO, DEL CÓMIC Y DE LA LECTURA
SUBDIRECCIÓN GENERAL DE COORDINACIÓN BIBLIOTECARIA

COLECCIÓNS

Unha xestión profesional garante unha colección útil, actualizada e adaptada ás necesidades da comunidade.

Características xerais
Universal, diversa, actualizada e adaptada ás necesidades de todos os públicos.

Xestión
O persoal bibliotecario planifica, mantén e avalía a colección seguindo criterios profesionais de calidade, actualidade e utilidade.





Selección
Baseada en criterios profesionais, nas necesidades da comunidade e nun financiamento estable.

Dimensión
Unha colección equilibrada en cantidade e calidade, adaptada ó tamaño da poboación.

Ratio orientativa
Xeral: **1,5–3 documentos/hab.**
≤ 1.500 habs.: **3,5 documentos/hab.**
1.500–3.000 habs.: **3,3 documentos/hab.**



Expurgo
A revisión periódica mantén a colección actualizada e pertinente e favorece a reutilización e a doazón dos materiais retirados.

NIPO: 190-26-150-X

Consejo de Cooperación Bibliotecaria

MINISTERIO DE CULTURA
DIRECCIÓN GENERAL DEL LIBRO, DEL CÓMIC Y DE LA LECTURA
SUBDIRECCIÓN GENERAL DE COORDINACIÓN BIBLIOTECARIA

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS

Os equipamentos e espazos deben ser accesibles, funcionais e adaptados ás necesidades da comunidade.

Localización
Céntrica, accesible, visible e de fácil identificación.

Espazos
Espazos cómodos, seguros e flexibles, con zonas para lectura, traballo, actividades e atención ó público.

Instalacións e equipamento
Mobiliario funcional, tecnoloxía, conexión a Internet e wifi para usuarios e persoal.

Superficie
Espazos proporcionados ó volume da poboación.
Desde 100 m² ou 50 m² + 0,05 m² por habitante.

Horario de apertura
Suficiente, estable e adaptado ás necesidades e hábitos da comunidade.
Bibliotecas unipersoais: **20-30 % da xornada para xestión interna.**
Até 3.000 habitantes. desde **20 h/semana.**
De 3.001 a 5.000 habs. desde **24 h/semana.**

Servizos transversais
Limpeza, mantemento, informática e outros servizos, como en calquera outra dependencia municipal.

Servizos bibliotecarios centrais
Proporcionan apoio técnico, formación e recursos para mellorar a calidade e o control do servizo.



NIPO: 190-26-150-X

Consejo de Cooperación Bibliotecaria

MINISTERIO DE CULTURA
DIRECCIÓN GENERAL DEL LIBRO, DEL CÓMIC Y DE LA LECTURA
SUBDIRECCIÓN GENERAL DE COORDINACIÓN BIBLIOTECARIA